



Ramón Carballo impulsará un gran proxecto para rachar a parálise local



FOTO: EL PROGRESO

Elena Candia, presidenta provincial; Ramón Carballo, presidente local e o presidente galego Alberto Núñez Feijóo, no peche do Congreso local que elixiu a Ramón Carballo

Recén estreada a presidencia local do Partido Popular lucense, Ramón Carballo ten moi claro o seu primeiro obxectivo: impulsar un proxecto ilusionante que desatranque a “parálise total” que vive o Concello. “Hai unha falta de xestión abrumadora”, afirma na entrevista do interior, unha conversa na que tamén revela a súa

faciana máis persoal, como a súa devoción polos Beatles ou Nino Bravo. Só un dato: cando os cidadáns acudan aos comicios municipais de 2019, os socialistas cumprirán vinte anos na Alcaldía, os últimos deles cunha representante que non se someteu ao escrutinio das urnas: Lara Méndez. O resultado é un minoritario gober-

no municipal que improvisa, bloquea proxectos ou complica o tráfico. As consecuencias son ben coñecidas: a segunda capital de provincia que peor paga, cortes de luz en edificios municipais e empresas privadas que prestan servizos públicos sen contrato, entre outros chanchullos. O caso do guindastre é un exemplo deste desvarío:

cada coche que se retira custa 536€ aos cidadáns. Dous anos ao lixo. Así pode cualificarse a lexislatura local no ecuador da mesma. Fronte á situación actual, os lucenses contan cunha formación experta e traballadora. “Non somos un partido que acaba de chegar con ocorrencias e frivolidades”, afirma Ramón Carballo.

**Deseñando
o Lugo
do futuro**

Páx.: 2-3

**Entrevista ao
presidente da
Xunta de Galicia**

Páx.: 5

**Garañón, o
urbanismo á carta
dos socialistas**

Páx.: 8

**Un gran equipo
para unha gran
cidade**

Páx.: 10



“Só hai unha receita para gañar a alcaldía: escoitar aos veciños e darlle resposta ás súas preocupacións”



O pasado 26 de maio os afiliados do PP de Lugo elixiron ao novo presidente da Xunta Local do Partido Popular. Ramón Carballo asume esta nova etapa con humildade pero con decisión, con ilusión aínda que sen descoidar a planificación e, por riba de todo, contando co apoio dun equipo renovado con talento e talante e tamén coa experiencia e o traballo do Grupo Municipal.

Tralo seu nomeamento como Presidente da Xunta Local que obxectivos se marca?

O obxectivo principal desta nova etapa é manter o partido en forma para afrontar e gañar os próximos procesos electorais, o máis inminente: recuperar a alcaldía e axudar a gobernar na Deputación. Xunto co equipo traballaremos en varias direccións: en primeiro lugar, queremos fortalecer a base incrementando o número de afiliados. Se queremos construír un partido vivo precisamos do seu compromiso e a súa implicación; en segundo lugar, para que o partido funcione coma un reloxo, é fundamental reforzar as estruturas que temos nos barrios, distritos e parroquias e, xa por último, o máis importante temos que conectar coa xente.

Logo, como pensa vostede gañarse a confianza dos lucenses?

A estratexia para gañar a confianza dos lucenses é estar na rúa, no día a día, e que os lucenses nos coñezan cada vez máis. Por tanto só hai unha receita, escoitar aos veciños, seguir indo aos barrios e parroquias e darlles resposta ás súas preocupacións. Temos que ser capaces de recoller e asumir como propias as súas inquedanzas, as súas peticións ou suxestións. Logo virán as iniciativas e as consultas ou queixas ás distintas administracións. Estar ao pé de rúa é tamén solidarizarse e acompañar á xente que o necesita; estar ao pé de rúa é disfrutar e compartir o ambiente, do día a día, en calquera acto. Como somos un equipo de persoas moi amplo temos que continuar tendo presenza en todos os lugares do municipio. Ese é o meu reto, este é o reto do meu equipo.

Ademais de fortalecer o partido vostede insiste en que hai que marcar unha folia de ruta.

Efectivamente, aquí non sobra ningún e todos podemos aportar algo. Somos un partido con moito sentido común, moderado nos

nosos principios e actitudes. Os que temos responsabilidades no novo organigrama, así como os distintos cargos políticos, debemos dirixir con unión e, para iso, temos que conseguir que a estrutura sexa o máis dinámica e aberta posible.

Cales son as claves do seu proxecto?

Unha delas é a planificación e a estratexia, temos que traballar a longo prazo e asentir as bases dun proxecto único para os lucenses. Nós non somos un partido que acaba de chegar con ocorrencias e frivolidades. Para iso, xa están outros, que por riba nos tratan de dar leccións de democracia.

Que papel xogará a xente moza nesta nova etapa? E os maiores?

Xa o dixeran nos encontros nos barrios durante a campaña do Congreso local, cada vez vemos máis xente moza interesada en achegar ideas e proximamente renovaremos o organigrama de Novas Xeracións. En canto aos maiores estamos orgullosos de contar con eles, máximo respecto polas súas achegas e agradecerlles a súa confianza por ver en nós un referente de

seriedade e moderación. Saben, por experiencia, que no Partido Popular temos capacidade de facer unha xestión apropiada dos recursos do Concello como demostraron os alcaldes do PP Tomás Notario e Joaquín García Díez.

Como cualificaría o traballo do actual goberno local de Lugo?


A percepción que compartimos todos os lucenses é a total parálise do Concello, hai unha falta de xestión abrumadora. Lamentablemente, a calificación destes dous primeiros anos de mandato do equipo de Lara Méndez é de suspenso.

Como encara esta nova etapa como presidente da Xunta Local do PP?

Con moita enerxía e moi animado polo gran respaldo acadado no Congreso Local, orgulloso do equipo que me acompaña e do apoio dos compañeiros do Grupo Municipal así como dos afiliados de base, aí reside a nosa forza. Se é certo que este partido mo deu todo, non é menos certo que eu intentei corresponderlle e que tamén lle dei e lle seguirei dando todo o que pode.

TUTEANDO A

RAMÓN
CAR
BALLO



Na parte superior, Ramón Carballo xogando a partida. Sobre estas liñas, un dos seus últimos libros lidos, a película máis recente que viu no cine e a súa banda de cabeceira.

1. UN CONSELLO QUE NUNCA ESQUENCERÁ:

A recomendación dos meus pais de que “xamais esquezas de onde vés”.

-

2. REMATE AS SEGUINTE FRASES:

Lugo é... o lugar ideal para vivir.

-

3. GALICIA É...

unha marabilla en todos os sentidos (natural, cultural, histórico, gastronomía...).

-

4. ESPAÑA É...

a miña nación.

-

5. EUROPA É...

ese espazo en construción que está a pasar por momentos de indefinición. Creo que Europa ten que dar resposta aos grandes retos da globalización, xa que só dende a cooperación e a integración se lles pode facer fronte de xeito eficaz.

-

6. FEITO CONTEMPORÁNEO QUE MÁIS ADMIRA E DETESTA:

Admiro os descubrimentos científicos ou médicos que poden salvar ou cambiar a vida de moitas persoas. O que máis detesto son as condutas que teñan que ver coa lacra da violencia de xénero.

-

7. UNHA MANÍA:

Son moi precavido, deixo moi pouca marxe para a improvisación.

-

8. QUE ESTÁ LENDO AGORA?

Son afeccionado á lectura de novelas ou libros

históricos. Un dos últimos que lin foi “Los herederos de la tierra” de Ildefonso Falcones e, agora estou cun libro de Alfonso García López, que fala da visión do Comité Internacional da Cruz Roja sobre a Guerra Civil.

-

9. A ÚLTIMA PELÍCULA QUE VIU.

Vín co meu fillo, Andrés, unha película de James Gray ambientada no Amazonas que se titula “Z. La ciudad perdida”.

-

10. A MÚSICA QUE ESCOITA.

Disfruto con todo tipo de música pop. Sempre é bo momento para escoitar unha canción dos Beatles ou de Nino Bravo.

-

11. O SEU PRATO E A SÚA TAPA FAVORITOS.

De prato un bo cocido e, como tapa, non me resisto á tortilla de patacas.

-

12. UN LUGAR PARA RELAXARSE.

A paz e tranquilidade da paisaxe da montaña da miña aldea do Seixo en Pedraíta.

-

13. A SÚA CITA PREFERIDA.

Un proverbio turco que di “El que busca un amigo sin defectos se queda sin amigo”.

-

14. TEN MASCOTAS?

A Dalma, unha boxer de 2 anos.

-

15. PRACTICA ALGÚN DEPORTE?

Procuo manterme en forma camiñando polo Paseo de Ombreiro ou polo adarve da Muralla.

Tamén boto, de cando en vez, algunha pachanga de tenis con amigos.

-

16. CONDUCE? QUE COCHE TEN?

Sí, conduzo e reláxame. Teño un Audi 90 de 27 anos.

-

17. SE NON SE HOUBERA ADICADO Á POLÍTICA, QUE LLE GUSTARÍA TER FEITO?

O que fixen, estudar e adicarme a miña profesión de veterinario coa que disfrutei moito durante anos.

-

18. O QUE MÁIS E O QUE MENOS LLE GUSTA DA POLÍTICA.

Entristécese o desprestixio en xeral do político, a corrupción, os pactos ocultos ou as intrigas...

O que máis valoro é o contacto coa xente e que, xunto co equipo co que traballo, busquemos solucións, de forma consensuada e con sentidoño, aos problemas dos lucenses

-

19. CUALIDADE QUE MÁIS VALORA E DETESTA NUNHA PERSOA.

Valoro a sinceridade e a sinxeleza e detesto a deslealdade.

-

20. UN OBXECTO PERSOAL DO QUE NON SE SEPARA.

Un colgante dunha ferradura de cabalo que me regalou Mari Carmen cando eramos noivos e que, dende aquela, levo sempre connigo.



Deseñando o Lugo do futuro

O Partido Popular ten un proxecto de cidade ambicioso, realista e con actuacións concretas para mellorar os espazos públicos e a calidade de vida dos lucenses. Propoñemos crear unha rede peonil continua de paseos que inclúa dotacións e equipamentos

públicos, zonas verdes e áreas de espargemento para os veciños, con carril bici continuo en paralelo. Estas son algunhas das propostas lideradas polo Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Lugo.

EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PIRINGALLA

Remate da Biblioteca da Piringalla. Propoñemos neste edificio un espazo multifuncional que dinamice social e culturalmente o barrio.

COMPLETAR O PLAN PARADAI

Hai que dar continuidade ao Plan Paradai desenvolvéndoo en sucesivas fases empezando pola unión entre Serra de Meira e Carlos Azcárraga.

NOVAS DOTACIÓNS PARA DINAMIZAR O BARRIO DA RESIDENCIA

Comprometémonos a dinamizar unha zona clave para o desenvolvemento de Lugo.

CIRCUÍTO PARA O DEPORTE AO AIRE LIBRE: PARQUE FEIRA EXPOSICIÓN E RECUPERACIÓN FÁBRICA DA LUZ

Instalación de circuitos deportivos equipados con elementos fixos e móbiles. Recuperación da fábrica da luz para actividades deportivas vinculadas ao río e ao medio natural.

NOVA ZONA VERDE DE EQUIPAMENTOS EN MAGOI

Queremos que a parcela de Magoi que linda co Auditorio sexa un equipamento público con zonas verdes en lugar das torres de vivendas de protección oficial previstas.

REHABILITACIÓN INTEGRAL NA MILAGROSA, FEIJÓO, A PONTE, RECATÉLO E O CASCO HISTÓRICO

A intervención do espazo urbano destas zonas de Lugo mellorará non só a imaxe do barrio senón tamén as condicións de vida dos seus veciños. As actuacións respectarán a identidade de cada zona.

ESPAZOS E INSTALACIÓNS PARA USAR TODO O ANO

Hai que humanizar a Praza do Agro do Rolo con equipamentos como un parque infantil cuberto e cubrir tamén os xogos infantís de Augas Férreas. Co obxecto de que sexan dotacións para usar todo o ano propoñemos instalar ademais unha cuberta desmontable na piscina exterior de Frigsa.

NOVO COLEXIO SAGRADO CORAZÓN

Queremos un novo colexio nestes terreos do Sagrado Corazón. Reconverter o actual centro educativo nun Centro Social, creando unha praza no barrio que, xunto coa pista polideportiva, sexan de uso público.

APARCAMENTO FONTIÑAS E INSTALACIÓN ASCENSOR QUE COMUNIQUE CON RAMÓN MONTENEGRO

Para solucionar os problemas de aparcamento en Fontiñas propoñemos aproveitar o talude do parque dos Paxariños para construír un aparcamento aterrazado con cubertas axardinadas.

PRAIA FLUVIAL PÚBLICA NO MIÑO

Propoñemos esta nova zona de espargemento fronte ao pavillón universitario no tramo que une o paseo do Miño co paseo do Rato completando o cinto verde da cidade.



A Xunta dá pulo a Lugo

O goberno municipal tennos afeitos á parálise. Fronte á súa inacción, a Xunta presidida por Alberto Núñez Feijóo é quen de impulsar o desenvolvemento

de Lugo mediante os seus investimentos. Velaquí unha escolma das inversións realizadas e outras de próxima execución.

PRIMEIRO CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE DE GALICIA



INVESTIMENTO
7
millóns de €

contará cunha superficie de
5.600m²
de actividade sanitaria
no barrio de Residencia
Licitado o proxecto construción
22-08-2017

AUDITORIO



OBRA
20
millóns de €

CONVENIO PARA O EQUIPAMENTO
Máximo de
3,6
millóns de €
adicionais

BARRIO DA TINERÍA



REHABILITACIÓN DE CINCO VIVENDAS
(Obra licitada)
815.000 €
só en 2017

Previsión de investimentos nos próximos dous anos

2
millóns de €

En proceso de entrega a adxudicatarios: 13 vivendas

HULA



60
millóns de €

Non só puxemos en marcha o novo centro, que atopamos baleiro e sen equipamento, senón que tamén fomos quen de dotalo de servizos que antes non tiña e que, sen dúbida, precisaba.

Sala de hemodinámica que antes non tiña, e que puxo a funcionar este Goberno en xaneiro de 2014.

Desde os últimos 12 meses dous novos servizos de vangarda: Radioterapia e Medicina Nuclear.

POLO DE ROZAS



INSTALACIÓN DUN CENTRO DE EMPREENDEMENTO para novas empresas a carón do sector aeronáutico

150M€

CIFP AS MERCEDES



AMPLIACIÓN
TERCEIRA FASE

3.143.314€

MURALLA



INVESTIMENTOS DENDE 2009: 3.3M€
INVERSIÓN NOS CUBOS LXX e LXXI (entorno do edificio da Xunta): 217.765,66€
INVERSIÓN NOS CUBOS XIX e LXXX (proximidades da Porta Miñá e San Fernando): 375.264,51€

COLEXIOS AS MERCEDES E ROSALÍA DE CASTRO



AS MERCEDES: Ampliación, 500.000€ (en execución)
ROSA LÍA DE CASTRO: Reforma integral e mellora da eficiencia enerxética: 430.000€

MÁIS INVESTIMENTOS

NOVO COLEXIO SAGRADO CORAZÓN
3M€

SERVICIO DE COMEDOR ESCOLAR
89.000€

PLAN PARADAI
9,4M€

INTERMODAL
75.000€

DESDOBRAMENTO VAP NADELA-SARRIA
250.000€

RESIDENCIAS 3ª EDAD
Reforma e adaptación da Residencia de Maiores As Gándaras, 218 prazas. Mellora e equipamento de A Milagrosa, 54 prazas. Mantemento de 40 prazas do Centro de Día de Alzheimer.



Este Lugo NON

Que podemos agardar os lucenses dun goberno que ten ao fronte unha alcaldesa que non quería selo? Logo de dous anos decepcionantes con bloqueo de proxectos, enfrontamento co persoal municipal, sospeitas de adjudicacións a dedo e incapacidade de xestión... as perspectivas

Temos un goberno...

1. que asfixia ás familias

É escandaloso que un goberno que presume de ter liquidez estea entregando cheques sen fondos para pagar as axudas de emerxencia social son tamén inxustificables os retrasos nos pagos das axudas para libros e das subvencións para vivendas.

2. que é incapaz de xestionar

Como podemos confiar nun Concello no que se dispara o periodo medio de pago a provedores e que é incapaz de pór coto ás empresas que traballan con contratos caducados, algunhas delas implicadas na Pokemon.

3. que bloquea proxectos

Non se avanzou na aprobación definitiva do Plan Xeral, o 5% pendente que afecta ao desenvolvemento do rural continua enquistado como tamén, a revisión do PEPRI, ou a construción dun novo aparcamento gratuito no entorno do HULA.

4. que complica o tráfico

Lugo ten un transporte anticuado con liñas e frecuencias dos autobuses que non se adaptan ás rutinas dos lucenses. A supresión da ORA, sen alternativas de aparcamento, tamén dificulta a mobilidade.

5. que improvisa

Os socialistas abren edificios moi custosos sen planificar para que son. O resultado da falta de proxecto de cidade son os Museos sen programación, a Casa da Xuventude sen uso, e infraestruturas inacabadas como a Biblioteca da Piringalla ou a Praza de Abastos.

para o que queda de mandato son pouco prometedoras. Os lucenses non merecemos un goberno que improvise e que boicotee proxectos para o municipio. Dende o Grupo Municipal do Partido Popular denunciaremos que...



Biblioteca da Piringalla.
Cinco anos sendo un esqueleto metálico
en condicións de inseguridade.



Este Lugo SI

Despois de dezaioito anos perdidos con gobernos socialistas, Lugo non pode agardar máis. A capital lucense debe recuperar o liderado que merece, impulsando os seus sectores estratéxicos e os seus potenciais turísticos e culturais.

Porque Lugo precisa...

Para o Grupo Municipal do Partido Popular o principal valor de Lugo son os os seus veciños e, por iso, o emprego e a atención ás persoas son prioritarios. Lugo, cunha historia de máis de 2.000 anos, merece un futuro ilusionante.

1. emprego e oportunidades

Apoiando ao emprendedor cun programa que incentive a creación de novas empresas e que fomenta a rehabilitación de vivendas, edificios e espazos públicos. Hai que axilizar a concesión de licenzas, simplificar trámites e establecer rebaixas fiscais.

2. servizos sociais de calidade

Queremos apoiar ás persoas con dificultades apazando os pagos de recibos municipais, creando novas becas para comedor escolar, incrementando as axudas para o aluguer, axilizando os pagos das subvencións sociais e facilitando a inserción laboral dos desempregados con discapacidade

3. eliminar o caos de tráfico


Para solucionar os problemas de tráfico propoñemos a remodelación integral do transporte público e implantar un modelo de rotación de aparcamento gratuito con límite temporal en determinadas zonas controlado polo Concello.

4. impulsar o turismo

Presumamos dos tres Patrimonios da Humanidade que temos. Busquemos fórmulas para potenciar a nosa Muralla, Camiño Primitivo e Catedral e impulsar o contorno fluvial unindo os paseos do Miño e o Rato.

5. maior eficacia e transparencia

Queremos que se liciten os servizos con contratos caducados e a posta en marcha de medidas que favorezan a transparencia na contratación no Concello de Lugo. Tamén propoñemos unha nova política positiva con rebaixas en impostos como o da contribución.



Os lucenses pasean pola Rúa da Raíña.



Garañón, o urbanismo á carta dos socialistas

As Torres do Garañón é o exemplo máis visual do urbanismo á carta do PSOE de Lugo. No Grupo Municipal do Partido Popular, dende o primeiro momento, denunciámos esta aberración urbanística e pelexamos para que se buscasen outras alternativas con menor impacto visual. Tres sentenzas firmes anuláron a licenza de edificación, o proxecto de urbanización e o planeamento incorporado deste emblema do modelo urbanístico á carta dos socialistas de Lugo. Este caso supuxo un varapau para o goberno local que veu a confirmar as reiteradas denuncias do

Grupo Municipal do Partido Popular sobre un convenio que foi cociñado polo ex presidente da Deputación, José Ramón Gómez Besteiro, e asinado polo ex alcalde Xosé López Orozco co promotor deste desenvolvemento urbanístico. Foi un pacto lesivo, inxusto, imprudente e perxudicial para os intereses dos lugenses.

Unha aberración urbanística denunciada polo PP dende o ano 2005

O Partido Popular mantén unha postura firme neste asunto: queremos que desaparezan as Torres do Garañón e recuperar as vistas das Costas do Parque. E tamén queremos que non haxa que indemnizar ao promotor e, de ser o caso, que esta contía sexa a mínima posible. E mentres, a alcaldesa de Lugo parece estar máis interesada en negociar uni-

lateralmente co promotor das Torres que en buscar unha solución consensuada co resto dos grupos políticos da corporación. É intolerable que os socialistas rexeiten estudar a proposta do PP para desenvolver este ámbito por iniciativa pública primando os intereses da veciñanza. Tamén é incomprendible que rexeiten contratar unha asesoría externa para analizar cales son as mellores solucións urbanísticas e xurídicas para ordenar este espazo e, por último, é inexplicable que se neguen a facer unha modificación puntual do PXOM con ordenación detallada para este ámbito.

1. O convenio dunha desfeita

As seis torres de nove plantas do Garañón entran na historia do urbanismo de Lugo cando o goberno socialista aproba en solitario, no pleno do 7 de novembro de 2005, o Plan Especial de Reforma Interior e o Convenio do Garañón.

O deseño para construír estas Torres das Costas foi do máis perxudicial. Por un lado, polo impacto nas vistas cara ao Miño e a Ponte Romana e, por outro, porque se autorizáron sen o permiso da Consellería de Cultura por estar nunha contorna dun Ben Catalogado. Tras enmendar o procedemento, a Xunta informa desfavorablemente porque o proxecto non se adapta ao ambiente e limita as vistas.

2. Luz verde pola porta de atrás

O segundo capítulo desta desfeita urbanística escríbese cando o PSOE convoca unha xunta de goberno extraordinaria o **último día do ano 2005, un sábado coas portas pechadas no Concello**, para dar luz verde ao proxecto de equidistribución das Torres do Garañón.

Con esta operación garantíase a edificabilidade ao propietario, xa que se houberen agardado ata o luns para realizar este trámite se reduciría a edificabilidade en máis dun 25%, por mor da entrada en vigor dunha nova disposición da Lei do Solo.

3. A alternativa máis lesiva

Dende agosto de 2005 o Partido Popular advertiu sobre a pantalla de formigón que os socialistas querían levantar nas Costas do Parque á conta do convenio asinado por Xosé López Orozco e cociñado por José Ramón Gómez Besteiro. O problema non foi o Plan Xeral de 1991, o problema foi como e onde se acordou co promotor a distribución da edificabilidade.

Dende o Partido Popular se presentaron, dende o primeiro momento, propostas para que a edificación fose aterrada pero o PSOE escolleu a alternativa máis lesiva para os veciños de Lugo dando o visto bo a seis torres de nove plantas.




Cales son as consecuencias da parálise na xestión?

A SEGUNDA CAPITAL DE PROVINCIA QUE PEOR PAGA

CORTES DE LUZ EN EDIFICIOS MUNICIPAIS

FRACASO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL

19 EMPRESAS TRABALLAN SEN CONTRATO



Os socialistas lucenses presumen de liquidez e, mentres tanto, Lugo era a final de 2016 a segunda capital de provincia española que peor pagaba. Os provedores do Concello tardan unha media de 5 meses en cobrar. Outro exemplo da ineficaz xestión do goberno de Lugo é o retraso no pagamento de facturas, froito da nefasta política de persoal e do desmantelamento do servizo electromecánico. Por mor deste descontrol, nestes dous últimos anos houbo diferentes cortes de luz en edificios municipais como o MIHL, a piscina de Friga e os Centros de Convivencia.

O desgoberno dos socialistas en Lugo tamén reflíctese en situacións como que máis da metade das empresas que resultaron adxudicatarias dunha axuda municipal para contratar traballadores renunciaran a elas deixando sen emprego a dúas de lugueses.

Estamos diante dun goberno debilitado e en soidade que actúa cunha soberbia impropia de quen está en minoría. Esta actitude avocou ao fracaso da negociación cos grupos que auparon ao PSOE ao goberno municipal obrigando á alcaldesa Lara Méndez a prorrogar os orzamentos.

Cada coche que se retira cústanos 536€ aos cidadáns lucenses

O caso do guindastre é un exemplo elocuente do despilfarro dos socialistas en Lugo. Cada coche que se retira cústanos aos lucenses 536 euros. Estamos falando dun servizo sobredimensionado polo que pagamos case 1 millón de euros ao ano. 19 das 47 empresas privadas que prestan servizos no Concello de Lugo están sen contrato. Como exemplo, fíxemonos na multinacional que se

ocupa da xestión da depuradora e a potabilizadora, co contrato caducado dende hai 6 anos, e que nos custa aos lucenses 270.000 euros mensuais. A recollida de lixo, o transporte urbano e o alumeadado público son outros dos servizos que se prestan sen contrato. Se o goberno socialista licítase, en tempo e forma os contratos caducados, os lucenses poderíamos aforrar un 20% no pago da prestación de cada servizo.



Polémicas e chanchullos socialistas a conta do laboratorio da EDAR

O Partido Popular destapou o uso “a custe cero” por parte da multinacional, concesionaria do ciclo da auga de Lugo, do laboratorio da Estación Depuradora de Augas Residuais para realizar análises de auga doutros concellos galegos. É unha tomada

de pelo que os socialistas permitan utilizar instalacións, materiais, equipos e persoal pagado polos lucenses para un servizo que unha empresa privada realiza e factura a outros concellos galegos cos que ten contrato.



Especulando coas casetas do San Froilán

No departamento de Cultura tamén houbo varios episodios que puxeron en evidencia o método de adxudicación da Concelleira de Cultura, Carmen Basadre. Un dos últimos capítulos foi a modificación das bases da adxudicación das casetas do San Froilán. Estas favoreceron a especulación afectando á imaxe das

festas patronais de Lugo así como á reputación do propio Concello. Dende o Grupo Municipal do Partido Popular insistimos en que se debe ligar o caldeiro á caseta e que hai que esixir experiencia hostelreira así como penalizar o incumprimento da oferta para asegurar a calidade do servizo prestado.



Gran equipo, gran cidade

Somos o equipo do Partido Popular. Queremos crear, coas tuas aportacións, un proxecto no que te sintas representado e que faga medrar esta cidade. Seremos a túa voz. En nós atoparás o aliado perfecto. Contamos contigo.



Sen líderes non hai equipo



Un equipo con talento e talento

FOTO: EL PROGRESO



IX Comida do Rural



A Xunta cumpre con Lugo



Concelleiros Grupo Municipal Partido Popular de Lugo



**“NO SE PIERDA ESTA
HILARANTE COMEDIA
QUE ACABA EN PURO
TERROR”**

THE NEW YORK TIMES

**“UNA MASCARADA QUE
REVELA LAS CLAVES
DE LA PARÁLISIS Y EL
DESGOBIERNO LOCAL”**

*THE WASHINGTON
POST*

**“ES LA GRAN PELÍCULA
DEL CURSO POLÍTICO Y
UNA PRUEBA EVIDENTE
DE QUE LA REALIDAD
SUPERA A LA FICCIÓN”**

THE GUARDIAN



*“Na vida, na morte,
no amor e no ren, louvareite,
Lugo de aceiro e de mel”*

Lorenzo Varela